

Tema 16

A SEGUNDA REPÚBLICA (1931-1936)

O establecemento da II República (forzas políticas e constitución de 1931)

Etapas



- 1- Gobierno provisional: desde a proclamación da república (abril 1931) ata as 1ª eleccións.(xuño 1931)
- 2- Bienio de esquerdas ou reformista: desde xuño 1931 ata as segundas eleccións (novembro 1933)
- 3- Bienio de dereitas ou rectificador: desde novembro 1933 ata as terceiras eleccións (febreiro 1936)
- 4- Fronte Popular: desde febreiro 1936 ata o golpe militar (xullo 1936)

O establecemento da II República (forzas políticas e constitución de 1931)

O goberno provisional (Abril- Xuño.1931)

As primeiras medidas

O 14 de abril de 1931 os membros do comité republicano dirixíronse cara á Porta do Sol onde tomaron posesión do goberno e proclamaron a República en medio do entusiasmo popular. Formouse un **Goberno provisional** no que participaron a dereita liberal republicana (Maura e Alcalá Zamora), republicanos de esquerda (Azaña), radicais (Lerroux), socialistas (Francisco Largo Caballero, Indalecio Prieto e Fernando de los Ríos), nacionalistas cataláns e sectores galeguistas (Casares Quiroga). Fora da coalición quedaban a dereita monárquica, os nacionalistas vascos e o obreirismo mais radical (comunistas e anarquistas).

Nas súas **primeiras medidas** e seguindo o acordado no Pacto de San Sebastián, o Goberno provisional convocou eleccións a Cortes Constituíntes para o 28 de xuño do 31. Paralelamente, decidiu emprender axiña algunhas das reformas consideradas máis urxentes: Unha serie de decretos ministeriais puxeron en marcha un proxecto de reforma agraria, unha nova lexislación social e o inicio da reforma do exército.

Ademais o goberno tivo que facerlle fronte ó **problema catalán**: o 14 de abril os nacionalistas cataláns proclamaran a república catalana invitando o resto dos pobos de España a formar unha federación, o goberno tivo que negociar e conseguiu que se retractaran a cambio de recoñecer a existencia

dun goberno catalán: a Generalitat. A república nacía así recoñecendo a posibilidade de autonomía política.

Hai que destacar que a república nace nunha **conxuntura internacional desfavorable**: chegada a España dos efectos da crise económica dos anos 30 e extrema polarización da vida política europea (fascismo vs. Comunismo). As súas reformas van xerar ademais moitas resistencias ofrecidas polos sectores máis conservadores da sociedade española, moi en especial a igrexa, e por outro lado as impaciencias e intentos revolucionarios dalgúns sectores populares, nomeadamente os anarquistas .

Fragmentación e polarización política

Na segunda república o número de partidos políticos foi moi elevado; en liñas xerais pódense diferenciar :

- **EXTREMA DEREITA:** Non aceptaron a legalidade republicana (apoios: oligarquía terratenente, alta burguesía financeira e industrial), decláranse antimarxistas e defenden a unidade da patria, a orde social e o catolicismo:
 - Fascistas
 - ☒ *JONS: Juntas de Ofensiva Nacional-Sindicalista (Ramiro Ledesma, 1931)*
 - ☒ *FE: Falange Española (José Antonio Primo de Rivera, 1933)*
Únense en 1934 formando FE-JONS
 - Monárquicos
 - ☒ *Comunión Tradicionalista (1931), antigos carlistas*
 - ☒ *Renovación Española (Calvo Sotelo,1933)*
- **AS DEREITAS:** Defenden a visión cristiá da vida, os dereitos da Igrexa, a propiedade privada e a orde tradicional. (apoios: pequenos e medianos propietarios agrarios e burguesía urbana, unidos polo temor á revolución social):
 - ☒ Partido Agrario
 - ☒ Acción Popular, novo nome de Acción Nacional dende 1931 e base da
 - ☒ CEDA: Confederación Española de Derechas Autónomas (Gil Robles,1934).
- **NACIONALISTAS:**
 - ☒ Lliga Catalana, novo nome da Lliga Regionalista dende 1933 (Cambó)
 - ☒ Partido Nacionalista Vasco (PNV) de J.A. Aguirre.
- **O CENTRO: AS FORZAS REPUBLICANAS:** Defenden os intereses da pequena burguesía e das clases medias, fundamentalmente urbanas, destacando o grupo dos intelectuais, aínda que entre eles podemos distinguir tamen dereitas e esquerdas, a evolución dos acontecementos vainos situar nunha difícil situación centrista:
 - ☒ De dereitas: Derecha Liberal Republicana (Alcalá Zamora,1930)
 - ☒ De centro-dereita: Partido Republicano Radical de Lerroux.
 - ☒ De esquerdas:
 - Acción Republicana de Azaña (1925)


- Partido Republicano Radical Socialista de Marcelino Domínguez (1930)
- **Organización Republicana Gallega Autónoma de Casares Quiroga (1929).**

Únense en 1934 e forman Izquierda Republicana

☒ Nacionalistas:

- Esquerra Republicana de Cataluña (Maciá e Companys)
 - **Partido Galeguista (Castelao e Alexandre Bóveda, 1931)**
- **FORZA OBREIRAS DE ESQUERDA:** Socialistas, comunistas e anarquistas, defenden os intereses dos obreiros industriais e dos xornaleiros agrícolas; coinciden no obxectivo final de establecer un cambio nas relacións de produción mediante a abolición da propiedade privada e das diferenzas sociais pero, en moitos casos, estiveron enfrontados entre eles.
 - Partido Socialista Obreiro Español (Indalecio Prieto, J. Besteiro) e UGT (Largo Caballero)
 - Partido Comunista (J. Díaz, D. Ibarri “A Pasionaria”)
 - Anarquistas: CNT e FAI. Mantiveron una forte hostilidade cara ó réxime republicano.
 - Trotskistas: o POUM (Partido Obreiro de Unificación Marxista) Andreu Nin

O 28 de xuño de 1931 celebráronse eleccións xerais cun notable índice de participación de máis do 70%. O sistema electoral, que primaba as maiorías doule un rotundo triunfo as esquerdas: socialistas e republicanos obtiveron a maioría:



A Constitución de 1931

As Cortes elixidas confirmaron nos seus postos ós membros do goberno provisional mentres non se aprobaba unha nova Constitución.

A Constitución tivo un marcado carácter democrático e progresista, definía ó Estado español como “unha República de traballadores de todas clases” e establecía os seguintes principios:

- O Estado configurábase de forma “integral”, pero aceptábase a posibilidade de constituir gobernos autónomos nalgúns rexións.

- Nova división de poderes. A Constitución privilexiaba o poder legislativo sobre os demais. **O poder legislativo** residía plenamente nas Cortes, constituídas por unha soa cámara. **O poder executivo** recaía no presidente do goberno que presidía o Consello de Ministros e no **presidente da República**, figura de nova creación que tiña o poder de relación (o seu mandato era de seis anos e tiña a facultade de nomear e separar libremente ó presidente do goberno, contando coa confianza das Cortes; tamén tiña a facultade de suspender e disolver as Cortes, pero só dúas veces durante o seu mandato). **O poder xudicial** confiábase a uns xuíces independentes. Os conflitos entre poderes confiábanse a un **Tribunal de Garantías Constitucionais**.

- Declarábase a separación Igrexa e Estado, recoñecíase o matrimonio civil e o divorcio.

- Presentaba unha ampla declaración de dereitos e liberdades, extendida a temas económicos e sociais, relativos á familia, á educación e ó traballo. Expresaba a igualdade de tódolos cidadáns ante o dereito á educación e ó traballo. Establecía o voto desde os 23 anos e por primeira vez concedíase o voto ás mulleres. A discusión do sufraxio feminino foi moi polémica e dividiu os partidos. Exemplos: foi defendida por Clara Campoamor do Partido Radical, o seu xefe Lerroux votou en contra, no PSOE a maioría votou a favor pero Victoria Kent, a outra deputada das Cortes, votou en contra.

Pero a Constitución, aínda que foi aprobada por ampla maioría, non conseguiu o consenso de tódalas forzas políticas, poñendo de manifesto as profundas diferenzas entre a esquerda e a dereita, sobre todo no referente a cuestión relixiosa e autonómica.

A aprobación dos artigos relixiosos da Constitución provocou a dimisión dos sectores católicos do goberno, polo que Manuel Azaña substituíu a Alcalá Zamora na Xefatura do Goberno.



Niceto Alcalá Zamora

O goberno de Azaña e as grandes reformas do bienio

Unha vez rematada a constitución as cortes elixiron a Alcala-Zamora presidente da República, este encargoulle formar goberno a Manuel Azaña e o novo xefe do goberno, que tiña que elixir entre radicais ou socialistas, optou por estes últimos e formou un goberno con republicanos de esquerdas e socialistas que durou dous anos e emprendeu as principais reformas entre decembro de 1931 e setembro de 1933.



Manueñ Azaña

Imaxes : WikiComkons (Dominio Público)